



The *Bulla Ineffabilis* in the languages of the World

Manuscript: Sire P. 1.

Language: Lengua Gallega

[2r] Pio Obispo, servo dos servos de Dios pra perpetua memoria.

Dios qu'é inefable, cuyos camiños son á misericordia é á verdá, cuya voluntá é a Omnipotencia, é cuya sabiduria chega con forza d'unha estremidá á outra é todo dispon con suavidá [2v] prevendo desde toda eternidá á desgraciadisima ruina do xenero humano po lo pecado d'Adan, e decretando no misterio escondido dos siglos levar á cabo con un misterio ainda mais oculto, por medio da encarnacion de Verbo, á primeira obra da sua bondá pra que contra ó seu misericordioso proposito non perecese o home que fora arrastrado á culpa po la astucia da diabolica iniquidá, é pra que ó que no primeiro Adan habia de caer, fose restaurado no segundo, con ventañas escolleu é preparou desde o principio é antes dos siglos unha Nai; da que habia [3r] de nacer feito carne na venturosa plenitu dos tempos o seu Unixenito Fillo, é amou á esa Nai tanto sobre todas as criaturas que n'Ela sola puxo toda á sua compracencia.

Por eso hencheuna tan maravillosamente de celestiales gracias sacadas do tesouro da Divinidá sobre todos os Espritos Anxelicos e sobre todos os Santos, que libre sempre é enteiramente de toda mancha do pecado é toda hermosa é perfeuta tivese en si tal chea d'inocencia é santidá que despois de Dios non se concibe mais grande, é fora de Dios naide pode alcanzar co pensamento. E á verdá conviña enteiramente [3v] que brillase sempre adornada cos resplandores da santidá mais perfeuta é que enteiramente libre ainda da mesma mancha do pecado orixinal, obtuvese o mais compreto triunfo sobre a antiga serpente esta Nai venerable, á quen Dios Padre de tal maneira dispuxo dar o seu Fillo unico, enxêndrado no seu seno igual á El; é á quen amou com'á si mesmo que fose naturalmente unha mesma persona Fillo de Dios é da Virgen; esta Nai qu'ó mesmo Fillo escolleu pra que fora sustancialmente sua Nai é da que ó Espritu Santo quixo, e ansi o executou, que fose concebido é nacesse Aquel de quen El mesmo [4r] procede.

A cal oriñinal inocencia da Santa Virxen que ten connexion co a sua admirable santidá e co á elevada dignidá de Nai de Dios poseendoa á Iglesia Catolica que ensinada sempre po lo Espritu Santo, é columna é firmamento da verdá como doctrina recibida de Dios é contida no deposito da celestial revelacion, nunca deiñou de esplicála, enseñála, é fomentála cada dia mais de moitas maneiras e con feitos brillantes.

Qu'esta doctrina estivo viñente desde os tempos mais antigos, que foi profundamente gravada no animo dos fieles é maravillosamente [4v] propagada no mundo Catolico po'la solicitú é coidados dos sagrados Prelados, manifestouno ben craramente á

mesma Iglesia cando non vacilou en propoñer ó culto publico é á veneracion dos fieles á Concepcion da mesma Virxén. Con este feito verdadeiramente ilustre presentou á Concepcion da Virxén como singular, maravillosa é moy diferente do orixen dos demais homes, é enteiramente Santa pra que selle dese culto, pois qu'á Iglesia solo celebra festas dos Santos. Por eso acostumbrou á usar nos oficios eclesiasticos é na Sagrada liturxía as mesmas palabras con qu'as Divinas Escrituras falan [5r] da Sabiduria Increada, é co as que representan ó seu sempiterno orixen, aplicadas á formacion d'aquela Virxen que foi disposta no mesmo decreto qu'a Encarnacion da Divina Sabiduria.

Anque todas estas creencias é practicas recibidas casi en todas as partes po los fieles demostran con canto interes mirara á Iglesia Romana, nai é maestra de todas as Iglesias mirou a doutrina da Concepcion Inmaculada da Virxen; sin embargo estos feitos brillantes merecen certamente que se faga mencion un por un d'eles xa que é tan grande á dinidá é autoridá d'aquela Iglesia, [5v] como á que se lle debe á quen é o centro da verdá é unidá catolica, na que solamente se conserva sin mudanza á Religion é da que todas as demais Iglesias teñen que recibir á sua fé. Ansi pois á mesma Iglesia Romana nada procurou con tanto empeño com'afirmar, defender, promover é vindicar de mil modos é maneiras moy espresivas á Inmaculada Concepcion da Virxén é o seu culto é doutrina. Asi ó atestiguan craramente moitos autos verdadeiramente insines dos Romanos Pontifices nosos predecesores á quens ó mesmo Xesucristo noso Señor confiou divinamente na persona [6r] do Principe dos Apostoles ó coidado é poder soberano d'apacentar os cordeiros é as ovellas de confirmar os seus hermaos na fé, é de rexir é gobernar toda á Iglesia.

E á verdá os nosos predecesores grioriaronse moito en istituir na Iglesia Romana co á sua autoridá Apostolica á festa da Concepcion é aumentála é adornála con oficio é misa propios, nos que craramente se asegura á prerogativa da inmunidá d'a culpa oriñinal é promover de todas maneiras ó culto xa instituido é enriquecelo, xa concedendo indulxencias; xa facultando as ciudaes, provincias é reinos pra que [6v] elixesen por Patrona á Nai de Dios, baixo ó titulo da Inmaculada Concepcion; xa aprobando cofradias, congregacions é comunidades relixiosas establecidas no honor da Concepcion Inmaculada; xa tributando eloños á piedá dos que baixo tal advocacion erixisen monasterios, hospitales, altares ou iglesias, ou prometesen defender con celo a Inmaculada Concepcion da Nai de Dios.

Grande foi ademais o xubilo con que decretaron que se establecese unha festa da Concepcion en toda á Iglesia co mesmo rito é clase que á da Navidá, é qu'á mesma festa da Concepcion fose [7r] celebrada con outava po la Iglesia universal é gardada santamente po todos como as demais festas xa establecidas, é que todos os anos no dia da Concepcion da Virxén, oubese Capilla Papal na nosa Basilica Patriarcal Liberana. E deseando fomentar mais é mais no animo dos fieles esta doutrina da Inmaculada Concepcion da Nai de Dios, escilar á sua piedá pra honrar é venerar á Virxén concebida sin pecado orixinal, compraceronse moito en conceder facultá pra que na Letania Lauretana é no prefacio da misa se proclamase á Concepcion Inmaculada da Virxén, [7v] de modo qu'á ley da creencia se establecese po la mesma ley da oracion.

Po lo qu'á nos toca, seguindo os pasos dos nosos gloriosos predecesores, non solo recibimos é aprobamos canto eles estableceron é decretaron tan sabia é piadosamente, sinon que, ademais acordandonos da istitucion de Sisto IV mandamos co á nosa autoridade compoñer un oficio propio da Inmaculada Concepcion, é co ó mayor xubilo concedimos ó seu uso á toda Iglesia.

Mais como as causas que pertencen ó culto están intimamente unidas co'ó seu ouxeto, é non poden permanecer fiñas nin estables [8r] si este é incerto é dudoso; por eso os Romanos Pontifices nosos predecesores ensanchando ó culto da Concepcion, emprearon todos os seus esforzos en espricar é inculcar ó ouxeto é doutrina d'aquela. Porque ensinaron ben craramente qu'á festa que se celebraba era da Concepcion da Virxen, é condenaron como falsa é contraria á intencion da Iglesia á opinion dos que pensaban é afirmaban qu'ó ouxeto da Iglesia n'ese culto non era a mesma Concepcion senon á santificacion da Virxen.

Creeron tamen que non debian ser menos severos cos que pra combatir [8v] á doutrina da Inmaculada Concepcion, mañinando unha distancia entre ó primeiro é segundo instante da Concepcion, aseguraban que anque se celebraba á Concepcion non era no primeiro instante é momento, por que os mesmos nosos predecesores xuzgaron que debian soster é defender co mayor celo como verdadeiro ouxeto do culto á festa da Concepcion da Beatissima Virxen, como Concepcion no primeiro instante. Por eso ó noso antecesor Aleixandro VII declarou con aquelas espresas palabras ó xuício da Iglesia dicindo:

“certamente é moy antiga á piedá dos fieles de Cristo pra [9r] co a sua Santissima Nai, á Virxen Maria; esa piedá dos que creen qu'á alma de esta Señora foi preservada da mancha do pecado orixinal no primeiro instante da sua creacion é da sua infusion no corpo por un privilexo especial de Dios, é po los meritos do seu Fillo Xesucristo Redentor do xenero humano, en este sentido celebran con solene rito á festa da sua Concepcion.”

Tuveron tamen os nosos predecesores un coidado especial en defender co mayor celo, solicitú é empeño á doutrina da Inmaculada Concepcion da Nai de Dios en [9v] toda á sua integridá, pois non solo non toleraron que fose censurada ou desacreditada de ningua maneira por naide, senon que pasando mais adiante manifestaron craramente en moitas occasions qu'á doutrina con que profesamos á Inmaculada Concepcion da Virxen, era é debia ser mirada como moy conforme co culto eclesiastico, qu'ela é antiga é case xeneral, é de tal calidá que debe ser formentada é sostida po la Iglesia Romana, é que era ausolutamente diña d'ocupar un lugar na santa liturxia é nas preces solenes. Non satisfeitos con esto é á fin de que permanecese intauta é inviolable á doutrina [10r] da Inmaculada Concepcion da Virxen prohi\$biron moy severamente soster publica ou privadamente á opinion contraria á esta doutrina é quixeron acabar con ela como ferindoa moitas veces. As cales repetidas é moito espresas declaracions pra que non parecesen inutiles, añadiron unha sancion que encerrou ó noso citado predecesor Alexandro VII n'estas palabras:

“Considerando qu'a santa Iglesia Romana celebra solenemente á festa da Concepcion Inmaculada da sempre Virxen Maria, é que compuxo no ó seu honor un oficio propio é [10v] especial, segun á piadosa devota é loable institucion que procedeu do noso predecesor Sisto

IV., é querendo á eñemplo dos Romanos Pontifies, nosos predecesores favorecer esta devocion piadosa, esta festa é este culto tributado con arreglo á del, sin que desde á sua istitucion sufrise cambio algun n'á Iglesia Romana querendo ademais protexer esta piedá é esta maneira especial d'honrar é glorificar á Benaventurada Virxen Maria preservada do pecado oriñinal po la gracia proviniente do Esprito Santo, é deseando conservar no [11r] rebaño de Cristo á unidá d'espritu no vinculo da paz, apaciguana as querellas é contiendas, aleñando os escandalos á instancias é rogos dos mencionados Obispos cos respetivos cabildos das suas Iglesias, é do rey Felipe, é dos seus reinos, que nos foron presentadas renovamos as constitucios é decretos espedidos po los Papas nosos predecesores, é particularmente por Sisto IV., Paulo V. É GregorioXV., en favor da doutrina que sosten que'á alma da Benaventurada Virxen na sua creacion é na sua union co o corpo recibe á gracia do Espritu Santo é foi preservada [11v] do pecado oriñinal, asi como tamen en favor da festa é culto da Concepcion da mesma Virxen Maria, Nai de Dios, tributado conforme á esa piadosa sentencia segun levamos dito renovamos ditas constitucions é decretos, é mandamos que se ouservern baiño as penas é censuras que nas ditas constitucions se conteñen.

E ademais queremos que todos é cada un dos que sigan interpretando as mencionadas constitucions ou decretos de maneira que queden desvirtuados os favores que en eles se fan á dita sentencia é á festa é culto que se da [12r] en conformidá con ela, ou se atrevan á poñer en cuestion á mesma sentencia, festa ou culto, ou á falar por escrito ou de viva voz, predicar, espoñer, disputar contra aquelas tres cousas de calquera maneira, direuta ou indireutamente, ou con calquera pretesto anque sea ó de eñaminar si se pode definir, ou ó de espoñer é interpretar á Sagrada Escritura, os Santos Padres ou Doutores afirmando ou asegurando algunha cousa contra elas, ou propoñendo en contra argumentos é deixándoos sin remposta ou disertando de calquera outra maneira que se poida mañinar ademais das penas é censuras [12v] que se conteñen nas constitucions de Sisto IV. as que queremos que eles esten suñetos é co las presentes os suñetamos; queremos que desde logo é sin outra declaracion estean privados da facultá de predicar, de leer en pubrico, ensinar é interpretar é da voz autiva e pasiva en calesquera eleucions, é ansimesmo incurran po lo mesmo feito é sin outra declaracion nas penas de perpetua inhabilidad pra predicar, leer, ensinar é interpretar pubricamente das que solo podamos ausolvélos é dispensálos nos ou os nosos sucesores os Romanos Pontifices. Tamen queremos que queden suñetos as demais penas que nos é nosos sucesores os Romanos Pontifices lles impuñamos como á elas [13r] os sometemos po las presentes, renovando as constitucions é decretos de Paulo V. é Gregorio XV.

E prohibimos é queremos é mandamos que se teñan por espresamente prohibidos desde logo é sin outra declaracion, os libros publicados dempois do decreto mencionado de PauloV., ou que de hoñe en diante se pubriquen de de calquera maneira, nos que se pon en duda á dita sentencia, festa ou culto conforme con ela, ou nos que contra ela se escribe ou lee algo de calquera maneira ou se conteñen espresions, sermons, tratados é disputas contra aquelas mesmas cousas."

Todos saben con canto celo foi trasmitida, afirmada é defendida [13v] esta doutrina da Inmaculada Concepcion da Virxen, Nai de Dios, po las mais ilustres familias reliñiosas, po

las mais celebres academias de Teolo ia,   po los Doutores mas sabios na ciencia das cousas divinas: todos saben tamen can sollicitos se mostraron os sagrados Prelados en profesar crara   pubricamente ainda nas  untas eclesiasticas, qu’ a Santisima Vir en Maria Nai de Dios po los meritos anticipados do noso Redentor Xesucristo, nunca estuvo su eta   pecado ori inal, senon que foi enteiramente preservada del   po lo mesmo ridimida d’ unha maneira mais sublime.

As cales cousas se  unta unha gravissima   mayor que todas elas,   saber, que no mesmo Concilio [14r] de Trento     tempo de facer   decreto doumatico sobre   pecado ori inal no que segun   Sagrada Escritura,   os testimonios dos Santos Padres   Concilios, estableceu   difineu que todos os homes nacen manchados co   culpa ori inal, con todo declarou solenemente que non era sua intencion comprender n’ aquel decreto   definicion tan  general   Bienaventurada   Inmaculada Vir en, Nai de Dios. Porque con esta declaracion os Padres de Trento deron bastante   entender que aquela Bienaventurada Vir en foi libre da mancha ori inal,   po lo mesmo craramente sinificaron que nin [14v] das Sagradas Letras, nin da tradicion, nin da autorid  dos Santos Padres podia traerse con motivo cousa algunha que se opu ese a tan se alada prerogativa.

E   verd  que esta doutrina da Concepcion da Santisima Vir en, espricada cada dia mais   declarada   confirmada con tanta clarid  po la moy respetable creencia, ense anza, ciencia   sabiduria da Iglesia,   propagada da maneira mais admirable en todos os pobos   nacions do mundo catolico, existen sempre na mesma Iglesia como recibida dos nosos antepasados,   se alada co carauter de doutrina [15r] revelada,   asi   atestiguan co grande forza os ilustres monumentos da antigued  venerable asi da Iglesia oriental como da oucidental: pois   Iglesia de Cristo que garda   defende co coidado os dogmas que se lle confiaron en deposito,  amais cambia nada n’ eles, nin disminuye, nin a ade cousa algunha: senon que tratando fiel   sabiamente as cousas vellas, si algunhas de estas foron bosque adas   sementadas po la f  dos Padres, coida de lim las   polilas de tal tal sorte que aqueles antigos dogmas de celestial doutrina reciban evidencia, crarid    precision, pero retendo   mesmo tempo [15v]   sua plenit , integrid    propiedad; de maneira que solo crezan no seu  xenero, esto  , no mesmo dogma, no mesmo sentido,   no mesmo concento.

E   verd  os Padres   escritores eclesiasticos ense ados po celestiales instruccions nada miraron con mais interes no libros que compu eron pra espricar as Sagradas Escrituras, vindicar os dogmas   instruir   os fieles qu’ o predicar   ensalzar   porfia,   de moitas   admirables maneiras   gran santid    dignid  da Vir en,   sua pureza de toda mancha do pecado,   a sua insine victoria do enemigo mais detestable do  xenero humano. Po lo que, o referir as palabras co as [16r] que Dios anunciou desde os primeiros tempos do mundo os remedios que na sua bond  preparaba pra renovacion dos mortales riprimeu   atrevemento da serpiente enganadora   realzou admirablemente as esperanzas do  xenero humano, di d’este modo “po erei enemistades entre ti     muller, entre   teu lina e     d’ela”, ense aron qu’este divino oraculo anunciaba desde logo crara   abertamente   misericordioso Redentor do  xenero humano,   saber   Uni enito Fillo de Dios, noso Se or Xesucristo,   desinaba   Beatissima Nai   Vir en Maria:   o mesmo tempo espresaba   enemist  de un   outra [16v] contra   demo. Por esta razon, asi como Cristo, mediador entre

Dios é os homes, ó tomar natureza humana borrou ó decreto que habia contra nos é trunfante clavouno na cruz, así á Santísima Virxén unida á El co ó vínculo mais estreito é indisoluble, é exercendo con El é por El eternas enemistades contra á venenosa serpiente é trunfando completamente d'ela, aplastou co ó seu pé inmaculado á sua cabeza.

Este manífico é singular trunfo da Virxén; a sua grande inocencia, pureza, santidá é esencia de toda mancha do pecado, así como tamen á inefable abundancia é [17r] grandeza de gracias celestiales, virtudes é privilexos vironas figuradas os mesmos Padres, xa n'a arca de Noe, que, feita por orden de Dios, saíu sana é salva do comun naufraxo de todo o mundo; xa n'a escada que Xacob veu que chegaba desde terra ó ceo po la que subían é baixaban os Anxéles de Dios, é n'a sua cima estaba ó mesmo Dios; xa n'aquela silva que Moisés veu arder no lugar santo, é que no medio das suas llamas nin se queimaba, nin sufría ó mais pequeno dano, mantendose sempre verde e frorida: xa n'aquela torre inespunible ó enemigo, da que colgan mil escudos é toda a armadura dos [17v] fortes: xa n'aquel xardin cerrado que non pode ser violado nin corrompido por ningún fraude nin asechanza: xa n'aquela resplandecente cidad de Dios, cuyos cimentos estan nos montes santos: xa n'aquel templo moy augusto que brillante cos divinos esplendores, está cheo da gracia de Dios: xa n'outras moitas cousas do mesmo xenero, en todas as que enseñaron os Padres que se figuraba á escelsa dinidá da Nai de Dios, á sua grande inocencia, é á sua santidá nunca manchada co falta nin pecado. Pra describir esta especie de compendio das divinas gracias é pureza orixinal da Virxén, Nai de Xesus, valéronse [18r] os Padres das palabras dos Profetas é chamaronlle a mesma Augusta Virxén candida paloma, Xerusalén Santa, escelso trono de Dios, Arca de santificación, Casa que pra si edificou á eterna Sabiduría, é Reina que chea de delicias é apoiada no seu amado, saíu da boca do Altísimo toda perfeuta, toda hermosa é toda amada de Dios, é nunca contaminada con mancha algunha. Os mesmos Padres é escritores eclesiásticos considerando no seu animo que cando ó Anxel Gabriel anunciou á Beatísima Virxén á dinidá moy sublime de Nai de Dios, foi chamada en nome é por orden do mesmo Dios chea de gracia, ense[18v]ñaron que esta solene é singular salutacion qu'hasta entonces nunca se vira, manifestaba qu'a Nai de Dios era ó asiento de todas as divinas gracias, estaba adornada con todos os dons do Espiritu Divino, qu'era como un tesouro casi infinito, é un abismo inagotable dos mesmos dons, de maneira que nunca estivo suxeta á maldicion é participando co o seu Fillo da bendicion eterna, mereceu oír d'Isabel, ispirada po lo Espiritu Santo; "bendita eres entre todas as mulleres é bendito ó fruto do teu ventre."

N'esto se funda ó xuício elocuente é unanime dos mesmos Padres de qu'á gloriosísima Virxén, en quen fixo cousas grandes ó que é [19r] Poderoso, brillou con tal forza de todos os dons celestiales, con tal penitú de gracia, con tal inocencia que foi como un milagro inefable de Dios ou aínda mais foi á coroa de todos os milagros é dina Nai de Dios, é chegada ó mesmo Dios canto pode chegarse unha criatura humana, fíxose superior á todas as alabanzas dos homes é dos Anxéles. Así é que pra vindicar á inocencia é xusticia orixinal da Nai de Dios, non solo a compararon moitas veces con Eva, aínda virxén é inocente é aínda non seducida po las mortíferas asechanzas da enganosa serpente senon qu'hasta lle deron preferen[19v]cia, valendose pra esto de variedá admirable de palabras é conceutos: por que

Eva obedecendo miseravelmente á serpente perdeu á inocencia oriñinal, é fixose esclava; pero á Beatísima Virñen aumentando sempre ó don oriñinal sin escoitar nunca a serpente, destruyeu de raiz á sua forza é ó seu poder po la virtú que recibeu de Dios.

Por esto nunca deixaron de chamar á Nai de Dios, ãa lirio entre espiñas, ãa terra enteiramente intauta, virxen, inviolable, inmaculada sempre bendita, é libre de toda mancha de pecado, da que se formou é novo Adan; ãa paraíso [20r] irrepreensible, lucidísimo é amenísimo d'inocencia é d'inmortalidá é de delicias, formado po lo mesmo Dios, é defendido das asechanzas da venenosa serpente; ãa madeira incorruptible que nunca foi corroida po lo verme; ãa fonte sempre limpia é pura sellada co á virtú do Espritu Santo; ãa templo divinísimo; ãa tesouro de inmortalidá; ãa sola é unica Filla non da morte, senon da vida; ãa ãermen non da ira, senon da gracia que procendente de raiz corrompida floreceu fora das leis comus por especial gracia de Dios. E como si todas estas imañes brillantes non foran bastantes, diñeron en terminos craros que cando [20v] se trata de pecados non pode haber cuestion da Santísima Virñen Maria á quen selle dou abundancia de gracia pra trunfar enteiramente do pecado; é declararon qu'a gloriosísima Virñen foi á reparadora dos nosos pais, á vivificadora da sua posteridá, á eleñida desd'á eternidá, é preparada pra si po lo Altísimo, é anunciada por Dios cando diñó á serpente "Poñerei enemistades entre ti é á muller" á que pisou é aplastou sin duda algunha á venenosa cabeza da serpente: é po lo mesmo afirmaron qu'a Beatísima Virñen foi eñenta po la gracia de toda mancha do pecado, libre de [21r] todo o contaño tanto no corpo como na alma é no entendemento, é que sempre conversando con Dios é vivindo unida á El en eterna alianza que ãamais estuvo nas tinieblas, senon sempre na luz, é que po lo mesmo foi unha habitacion propia pra Cristo non po la condicion de seu corpo, senon en virtú da gracia oriñinal.

Xuntanse á esto as nobilísimas esprisions con que ó falar da Concepcion da Virñen aseguraron qu'a natureza dou lugar á gracia é que diante d'ela quedou parada tembrando sin atreverse á pasar adiante; por que habia de suceder que á Virñen, Nai de Dios, non [21v] fose concebida por Ana, antes de qu'á gracia houbese producido ó seu fruto; pois conviña que fose asi concebida primoñenita, Aquela que debia concebir ó Primoñenito de todas as criaturas. Aseguraron que á carne da Virñen tomada d'Adan non recibeu as manchas d'este, é asi á Beatísima Virñen era un tabernaculo criado po lo mesmo Dios formado po lo Espritu Santo é de obra de verdadeira purpura que aquel novo Beseleel fabricou bordando con listons d'ouro; é que á mesma é, é debe ser celebrada con razon como á primeira obra propia de Dios, que se librou dos tiros inflamados [22r] do espiritu malino; hermosa na sua natureza, é libre enteiramente de toda mancha; é veu á ó mundo na sua Inmaculada Concepcion, como unha aurora brillante de luz.

Porque non conviña que fose este vaso de eleucion acusado como os outros fillos d'Adan, porque diferenciandose moito dos demais, tiña con eles de comun á natureza, mais non á culpa; é ainda conviña qu'asi como ó Uniñenito ten no ceo un Pay, á quen os Serafins alaban chamandolle tres veces Santo, tuvese tambien na terra unha Nai que nunca carecese do resplandor da santidá. Tan [22v] arraigada estuvo esta doutrina no animo dos nosos mayores, que prevaleceu entre eles á forma maravillosa é singular do linguañe con que chamaron á Nai de Dios, Inmaculada é ausolutamente Inmaculada, inocente é

inocentísima, sin mancha é enteiramente limpia, criatura dotada de perfeuta integridad, santa é libre de toda mancha de pecado; toda pura, completamente intauta, modelo da pureza é da inocencia; mais hermosa qu'á hermosura, mais graciosa qu'a gracia; mais santa qu'á santidá; é solo Ela santa é purísima na alma é no corpo; que aventaxou á toda integridá, é virxinidá; é a [23r] unica que chegou á ser toda Ela tabernaculo de todas as gracias do Espiritu Santo; é que foi superior á todos, fora de Dios; é mais hermosa, mais bella é mais santa qu'os Querubis ou Serafis, é todos os coros anxélicos, é que pra alabála non bastan as lenguas da terra é do ceo. Naide inora que este modo de falar estendeuse como naturalmente á sagrada Liturxia é os oficios da Iglesia donde se achan con frecuencia; pois neles invocase é predicase á Nai de Dios como paloma toda hermosa é sin mancha; como rosa sempre fresca; como ausolutamente pura, é sempre Inmaculada, é sempre Benaventurada, e celebrase [23v] a sua inocencia, que xamais foi lastimada; é como outra Eva que pareu á Emmanuel.

Po lo mesmo non se debe estrañar que esta doutrina da Inmaculada Concepcion da Virxen, Nai de Dios, consinada nas Divinas Letras o vuicio dos Padres, enseñada por tantos é tan graves testimonios de los mesmos, contida é celebrada en tan ilustres monumentos da antiguedá, é proposta é confirmada po lo soberano é respetable xuicio da Iglesia, se gloriasen de profesála os Pastores da mesma Iglesia é os pobos fieles con tanta devocion, relixion é amor que non [24r] tiveron cousa mais gustosa nin mais querida que ó honrar, venerar, invocar é loar en todas partes con moy fervoroso amor á Virxen, Nai de Dios, concebida sin mancha de pecado oriñinal.

Por esta razon desde os tempos antigos os Prelados, os Ecresasticos, as Ordes Regulares, é hasta os mesmos Emperadores, é os Reis supricaron encarecidamente á Silla Apostolica que difinise como doma de fé á Inmaculada Concepcion da Santísima Nai de Dios. E estas supricas fiñeronse tamen nos nosos dias, é particularmente á Gregorio XVI noso predecesor de feliz memoria; é á Nos mesmo nos foron [24v] presentadas po los Obispos, po lo clero secular, por ordes relixiosas, por grandes Principes é pobos fieles.

Conocendo pois Nos todo esto, é considerando debidamente con grande xubilo da nosa alma, asi que elevados, anque sin merecelo, po los altos é secretos xuicios da Providencia á esta sublime Catedra de Pedro, nos encargamos do goberno de toda á Iglesia, nada creimos de mais importancia, levados da veneracion, piedá é amor que desde pequeniño profesamos á Santísima Virxen, Nai de Dios, que facer todo aquilo que ainda estaba deseando á Iglesia pra que se aumentase [25r] ó honor da Santísima Virxen, é brillasen con mais craridá as suas prerogativas. Mais querendo proceder con toda madurez establecimos unha Congregacion particular composta dos V.V.H.H.M.M. Cardenales da Santa Iglesia Romana, ilustres po la sua piedá, po la sua prudencia é po la sua sabiduria nas cousas sagradas; é agregamoslles algus Ecresasticos, asi do Clero secular como do regular, distinguidos po lo seu saber en materias teoloxicas, pra que examinasen con moito coidado todo ó relativo á Concepcion Inmaculada da Virxen, é nos comunicasen ó seu parecer. Anque [25v] po las peticions que recibiamos pra que se difinise como de fé conocesemos o modo de pensar de moitimos Prelados, sin embargo espidimos unha Enciclica, feita en Gaeta á 2 de Febreiro de 1849 á todos os venerables hermanos os Obispos do orbe catolico,

pra que despois de elevar á Dios as suas oracions, nos diñesen por escrito cal era á piedá é devocion dos seus fieles pra co á Inmaculada Concepcion da Nai de Dios, é sobre todo cal era ó xuício é cales os deseos dos mesmos Obispos sobre pronunciar esta mesma definicion, pra que Nos pudesemos dar ó noso supremo fallo co á mayor solenidá posible. Non foi pequeno [26r] ó consolo que tuvemos cando recibimos as respostas dos nosos venerables hermanos, pois con inesplicable xúbilo, alegría é solicitú nos contestaron non solo proclamando novamente á sua propia piedá é á do seu Clero é fieles en favor da Inmaculada Concepcion da Benaventurada Virxen Maria, senon que nos rogaron todos á unha que definisimos co á nosa propia autoridá é xuício supremo á Inmaculada Concepcion da mesma Benaventurada Virxen. Non foi menos á nosa alegría cando os nosos venerables hermanos os Cardenales da Santa Iglesia Romana, é os [26v] ditos Teólogos consultores, por nos escollidos, despois de haber feito un eñamen diliñente nos pidiron con igual celo é solicitud á definicion da Inmaculada Concepcion da Nai de Dios.

Siguindo ó eñemplo dos nosos ilustres predecesores, é deseando proceder en debida forma, convocamos é tuvemos un Consistorio, no qué diriñimos á nosa voz os nosos venerables hermanos, os Cardenales da Santa Iglesia Romana, é oimoslles con gran gozo interior espresar os seus deseos de que Nos espidisemos esta definicion domatica da Inmaculada Concepcion da Nai de Dios. Asi pois, con [27r] fiados moitísimo no Señor e creendo chegado ó momento oportuno pra definicion da Inmaculada Concepcion da Santisima Virxen Maria, Nai de Dios, que admirablemente ilustran é declaran as Divinas Escrituras, a venerable tradicion, ó uso constante da Iglesia, ó singular acordo dos Prelados é fieles, é os insines autos é constitucions dos nosos predecesores; despois de eñaminar coidadosamente todas as cousas, é de diriñir á Dios fervorosas oracions, creimos que non debiamos dudar en sacionar é definir, co ó noso supremo xuício á Inmaculada Concepcion da Virxen, é en satisfacer desta maneira os [27v] piadosos deseos de todo orbe catolico, é a nosa particular devocion á Santisima Virxen, é o mesmo tempo honrar mais é mais n'Ela ó seu Unixenito Fillo Noso Señor Xesucristo, pois que no Fillo van á parar todos os honores é alabanzas que se dan á Nai.

Po lo tanto despois de haber ofrecido en humildá é ayuno as continuas oracions nosas particulares é pubricas da Iglesia á Dios Padre po lo seu Fillo, pra que se dignase diriñir é confirmar ó noso entendemento co á virtú do Espiritu Santo; despois de implorar á intercesion de tod'a Corte Celestial, é invocar co xemidos ó Espiritu [28r] Paraclito, é inspirados por El, en honor da santa é individua Trinidadá, pra gloria é realce da Virxen, Nai de Dios, pra exaltacion da fé catolica, é aumento da reliñion cristiana, co á autoridá do Noso Señor Xesucristo, dos Benaventurados S. Pedro y San Pablo, é á Nosa, declaramos, fallamos é definimos qu'á doutrina qu'afirma qu'á Beatissima, Virxen Maria, no primeiro istante da sua Concepcion foi preservada inmune de toda mancha da culpa oriñinal, por unha singular gracia é privileñio de Dios todo poderoso, é po los meritos de Xesucristo Salvador do xenero humano, foi revelada por Dios, [28v] é que po lo mesmo debe ser creida firme é constantemente por todos os fieles. Po lo tanto, si houbese alguns, ó que Dios non permita que s'atrevesen á sentir ó contrario do que nos definimos, sepan é entendan que estan condenados po lo seu propio xuício, que naufragan na fé, é que se separan da unidá da

Iglesia, é ademais que po lo mesmo feito quedan suæetos as penas establecidas po lo dereito, si s'atrevesen á manifestar ó seu sentimento interior de palabra, por escrito, ó de calquera outro modo exterior.

Chea está de gozo á nosa boca, é d'alegría á nosa len[29r]gua, é damos é daremos sempre as mais humildes gracias á Noso Señor Xesucristo, po lo singular beneficio, que sin nos merecélo, nos concedeu d'ofrecer é decretar este honor, esta gloria é esta alabanza á sua Santísima, Nai. Temos tamen á mais certa esperanza ó á mais completa confianza de que á mesma Beatísima Viræen, que toda hermosa é Inmaculada aplastou á venenosa cabeza da cruel serpente, é trouxo á salvacion a ó mundo, é que é alabada po los Profetas é Apostoles, é que é ó honor dos martires, á alegría é coroa de todos os Santos, ó mais seguro [29v] refuæio é fidelísima Axudadora de todos os que peligran, á abogada é mediadora moy poderosa pra ó seu Uniæenito Fillo, ó mais noble é grande honor é adorno da Iglesia, é ó mais firme baluarte, acabou sempre con todas as hereæias, librou de todo æenero de calamidades, ainda as mayores a todos os pobos é nacions fieles, é a nos mesmo nos sacou de gravísimos peligros, quererá alcanzar po lo seu poderosísimo patrocinio, que removidas todas as dificultades, é destruidos todos os errores, prospere é florezca cada dia mais á Santa Nai Iglesia Católica en todos os pobos é nacions [30r] é reine d'un mar á outro mar, é hasta os confins da terra, é goce completa paz, tranquilidá é liberta pra qu'os pecadores alcancen perdon, salú os enfermos, valor os debles, consolo os afriæidos, socorro os que peligran; é pra que os que estan no error volvan o sendeiro da verdá é da æusticia, disipandose as tinieblas da sua alma, é que non haæa mais qu'un solo rebaño é un solo pastor.

Escoiten estas nosas palabras todos os nosos moy amados fillos da Iglesia Católica é sigan honrando, venerando é invocando cada vez con mais piedá, reliæion é amor, á Beatísima Maria, Nai de [30v] Dios, concebida sin pecado oriæinal, é en todos os seus peligros afliccions é necesidades, en todas as suas dudas é apuros, acudan con confianza á esta dulcísima Nai de misericordia é da gracia; pois nada hay que temer, nin de nada hay que desconfiar baiæo á conduta, direucion, amparo, é defensa d'Aquela que tendo pra nosoutros un corazon de Nai, é coidando do negocio da nosa salvacion, estende á sua solicitú á todo ó æenero humano, é constituída po lo Señor Reina do ceo é da terra, é elevada sobre todos os coros d'Anxeles é os ordes dos Santos, colocada á direita do seu Uniæenito Fillo, Noso Señor Xesucristo, co as suas supricas [31r] de Nai, alcanza de feito é acha ó que busca, é non pode quedar sin ó que pide.

Por ultimo, pra que chegue á noticia de toda a Iglesia, esta nosa definicion da Inmaculada Concepcion da Beatísima Viræen Maria, foi á nosa voluntá que pra perpetua memoria de este caso sirvan estas nosas Letras Apostolicas, mandando que as suas copias é aun os eæempres impresos, firmados por calquera Notario pubrico, é autorizados co sello de algunha persona constituída en dinidá eclesiastica reciban por todos á mesma fé e credito que selle daria as presentes, si fosen eæibidas ou presentadas.

[31v] A naide pois é licito quebrantar esta nosa declaracion, fallo é definicion, ou opoñerse á ela ou contrariala con temerario atrevemento, é si houbese algun que tuvese tal

presuncion, teña entendido que incurre na ira do Dios Todopoderoso é dos Benaventurados San Pedro y San Pablo.

Dada en San Pedro de Roma, ó dia seis dos idus de Diciembre, do ano da Encarnacion de Señor mil oitocentos cincuenta é catro, nove do noso Pontificado.

Pio Nono Papa.